# O frío azul

## Ramón Caride Ogando

*Edicións Sotelo Blanco. 122 páxinas*

Ano 1517. Nunha escura invernía, un viaxeiro chega ao mosteiro de Oseira. Acarrexa unha misteriosa bagaxe, a fonda tristura do seu corazón mancado e, sobre todo, a ansia por saber a calquera prezo a razón da súa insólita desventura. Paseniño, a monotonía tépeda da pedra e a rutina dos ritmos monacais van minando a súa afouteza ata que, finalmente, a impensada confesión do amo do mosteiro o leve sen remisión polos camiños máis abraiantes. Premio Manuel Lueiro Rey de Novela Curta 2007, *O frío azul* fainos vivir unha viaxe inesquencíbel que nos permite albiscar os abismos máis fondos que cada un de nós levamos dentro.

